



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A vixente relación de postos de traballo aprobouse por RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021.

A Relación de Postos de Traballo indicada anteriormente foi modificada polas seguintes Resolucións:

- Resolución do 24 de xuño de 2021 (DOG 25/06/2021), referente ao proceso de funcionarización de diversos postos de traballo.
- Resolución do 5 de agosto de 2022 (DOG 11/08/2022), pola que se crean as Unidades de Investigación de Incendios Forestais, os postos itinerantes e de coordinación das OACs e o servizo da Cadea Alimentaria.
- Resolución do 5 de outubro de 2022 (DOG 11/10/2022), pola que se crea unha unidade temporal dependente da Secretaria Xeral Técnica.
- Resolución do 19 de xaneiro de 2023 (DOG 23/01/2023), polo que se modifican diversos postos de traballo derivados da superación de persoal temporal os correspondentes procesos selectivos.
- Resolución do 22 de maio de 2023 (DOG 101 do 30/05/2023), pola que se modifica a relación de postos de traballo derivada do proceso de funcionarización.
- Resolución do 9 de xuño de 2023, (DOG 113 do 15 de xuño) pola que se crean determinados postos de traballo vinculados ás brigadas helitransportadas.

Neste intre procede modificar a Relación de Postos de Traballo para:

- Modificar as escalas de adscrición da totalidade de postos de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada co fin de que os poidan ocupar o persoal da escala técnica e operativa do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.
- Crear 12 prazas de bombeiro forestal condutor de motobomba e 2 de emisorista-vixilante/a-fixo/a co fin de que poidan tomar posesión os aspirantes que superaron o proceso selectivo.

MODIFICACIÓN DAS PRAZAS DE BOMBEIRO FORESTAL XEFE DE BRIGADA

Por *Orde do 23 de maio de 2023*, nomeouse persoal funcionario da escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades bombeiro forestal xefe de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B, ao persoal laboral fixo pertencente á categoría 100 do grupo III que contaba coa titulación de técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural ou equivalente e carné, autorización ou licenza que sexan necesarias para o manexo de vehículos.



Por Resolución do 22 de maio de 2023 polo que se acorda a publicación do Acordo do Consello da Xunta de 19 de maio de 2023 pola que se aproba a relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de Bombeiro/a Forestal Xefe/a de Brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de Bombeiro/a Forestal-condutor/a de motobomba, Emisorista-vixiante e Bombeiro/a Forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2.

Nesta Relación de Postos de Traballo a totalidade dos postos de traballo da categoría 100 do grupo III (xefe de brigada) que tiñan un período de prestación de servizo de 9 ou 12 meses foron modificados a postos de persoal funcionario de administración especial (escala técnica, SPDCIF-especialidade bombeiro forestal xefe/a de brigada).

Por *ORDE do 9 de xuño de 2023*, nomease persoal funcionario da escala técnica operativa do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, do corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, ao persoal que accedeu ao proceso de funcionarización e non contaba con titulación para o grupo B.

Co fin de que a totalidade do persoal poida acceder aos postos existentes na actual Relación de Postos de Traballo de persoal funcionario procede modificala no sentido de abrir a totalidade dos postos aos dous corpos.

Esta modificación é solo para efectos de xestión administrativa, co fin de que a totalidade dos traballadores procedentes da categoría 100 do grupo III poidan acceder a totalidade dos postos con independencia do corpo no que se funcionarizaran. En ningún caso leva consigo modificación de funcións ou retribucións.

CREACIÓN DE PRAZAS PARA A TOMA DE POSESIÓN DO PERSOAL QUE SUPEROU O PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ORDE DO 28 DE FEBREIRO DE 2019

Por *ORDE do 28 de febreiro de 2019* do Conselleiro de Facenda convocouse o proceso selectivo para o ingreso na escala de auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, subgrupo C2, nas especialidades de emisorista/vixilante fixo/a, bombeiro forestal-condutor motobomba e bombeiro forestal, do corpo de



auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta convocatoria ven derivada do recollido nos Decreto de oferta pública de emprego dos anos 2016, 2017 e 2018. Nestes ofertáronse un total de 80 prazas para a especialidade de bombeiro forestal condutor de motobomba e 75 prazas para a especialidade de emisorista – vixilante/a fixo/a.

Por resolución do 5 de outubro de 2023, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo, fíxose pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, resultado que superaron o proceso tantas persoas aspirantes como prazas convocadas.

Neste intre as prazas vacantes, destes corpos, existentes na actual Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural son:

- Bombeiro Forestal condutor de motobomba: 68 prazas.
- Emisorista – vixilante/a fixo/a: 72 prazas.

Co fin de poder nomear persoal funcionario ás persoas que superaron o dito proceso selectivo, neste intre é preciso crear 12 prazas de Bombeiro Forestal condutor de motobomba e 3 prazas de emisorista-vixilante/a fixo/a. As prazas créanse con cargo as dotacións das próximas xubilacións destas especialidades e nas unidades e localidades onde están situadas actualmente as prazas das persoas a xubilar, tal e como se indica:

Emisorista – vixilante/a fixo/a

DATA XUBILACIÓN	DISTRITO
01/06/2025	SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS LUGO
09/11/2025	DISTRITO FORESTAL: II - BERGANTIÑOS-MARIÑAS CORUÑESAS
11/05/2026	DISTRITO FORESTAL: VIII - COMARCA FORESTAL: CHANTADA

Bombeiro forestal condutor de motobomba.

DATA XUBILACIÓN	DISTRITO	COMARCA
20/09/2023	DISTRITO XV	COMARCA FORESTAL: BAIXA LIMIA
02/01/2024	DISTRITO XV	COMARCA FORESTAL: A LIMIA
21/02/2025	DISTRITO XII	COMARCA FORESTAL: OURENSE
15/06/2025	DISTRITO IX	COMARCA FORESTAL: SARRIA-SAMOS



DATA XUBILACIÓN	DISTRITO	COMARCA
21/01/2026	DISTRITO V	COMARCA FORESTAL: FISTERRA
10/05/2027	DISTRITO V	COMARCA FORESTAL: FISTERRA
27/06/2027	DISTRITO VIII	COMARCA FORESTAL: CHANTADA
22/07/2027	DISTRITO XIX	COMARCA FORESTAL: PONTEVEDRA - O MORRAZO
03/11/2027	DISTRITO XII	COMARCA FORESTAL: OURENSE
24/11/2027	DISTRITO XV	COMARCA FORESTAL: BAIXA LIMIA
02/01/2028	DISTRITO III	COMARCA FORESTAL: ORDES-SANTIAGO
04/01/2028	DISTRITO XIX	COMARCA FORESTAL: CALDAS - O SALNÉS

A data de xubilación estimouse para a totalidade das persoas aos 67 anos de idade.

Santiago de Compostela
O Secretario Xeral Técnico
Joaquín Macho Canales